



CAMPO DE VOLUNTARIADO

“ILLA DE SAN SIMÓN”

REDONDELA (PONTEVEDRA)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
2-13/08/2021	18-30	ESTATAL	Cultural e patrimonial	12



LOCALIZACIÓN

A illa de San Simón é unha illa que xunto a outros illotes, están na ría de Vigo. Pertence á parroquia de Cesantes, no concello Redondela.

As illas de San Simón e de San Antón son un enclave situado na Ría de Vigo, cunha forte carga simbólica colectiva vinculada cos seus diversos papeis ao longo da historia: testemuña de traxedias e avatares marítimos, idílica referencia literaria da poesía medieval, refuxio monacal, lazareto para doentes infecciosos, cárcere do réxime ditatorial franquista...

A illa de San Simón é hoxe un espazo público para o desenvolvemento cultural de Galicia, nun enclave recuperado de gran valor patrimonial e ambiental. En 1999 foi declarado Ben de Interese Cultural pola Xunta de Galicia e a illa e a súa enseada forman parte da Rede Natura 2000 como hábitat natural europeo protexido.

DESCRIBIÓN DO CAMPO DE VOLUNTARIADO

As labores que se realizarán neste campo son:

- Visitas interpretativas e teatralizadas polas illas de San Simón e San Antón, amosando dun xeito lúdico e educativo o seu pasado e presente, así como a súa biodiversidade e conxuntos artísticos.
- Catalogación das especies vexetais e dos conxuntos escultóricos das illas, realización e instalacións de carteis interpretativos formato “QR”.
- Catalogación do fondo bibliográfico da illa.
- Apoio ás actividades culturais desenvolvidas nas instalacións e ás labores de conservación das instalacións e dos elementos patrimoniais.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Traiñas e bateis: iniciación aos deportes náuticos tradicionais;
- Iniciación ao baile tradicional galego;
- Actividade interxeracional con perspectiva de xénero coas mariscadoras locais; coñecemento dos usos, costumes e artes tradicionais de pesca da zona;
- Observación astronómica;
- Obradoiros de xabóns naturais e de orientación en ruta; e
- Visita ao castelo de Soutomaior e outros atractivos da zona.



COMO CHEGAR

Dende Santiago, Pontevedra ou dende Vigo, pódese viaxar por estrada en bus (www.monbus.es).

Tamén se pode facer o traxecto en tren. A parada de tren é en Redondela-A Picota.

ALOXAMENTO

No albergue da illa de San Simón.

INCORPORACIÓN

O primeiro día, a partir das 16h no porto de Cesantes. É imprescindible comunicar por correo-e a hora de chegada a este punto de encontro.

COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuidoras do carné xove, título de familia numerosa ou familia monoparental, OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50 €).



CAMPO DE VOLUNTARIADO

“ILLA DE SAN SIMON”

REDONDELA (PONTEVEDRA)

DEVOLUCIÓN DA COTA

Devolverase a cota no caso de suspensión da actividade.

Cando se produza un ingreso hospitalario ou outra causa médica grave, que afecte á persoa e lle impida incorporarse ao campo de voluntariado. Esta causa debe acreditarse cos informes médicos pertinentes e/ou do hospital no que se atopara ingresado o/a interesado/a ou no caso de ter que abandonar a actividade por motivos relacionados co Covid-19 sempre e cando no transcurra máis del 50% dos días de duración do campo.

Por falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde se atope ingresado o familiar, ou con certificado de defunción, de ser o caso.

EQUIPO ACONSELLABLE

- Artigos de limpeza (bolsa de aseo) e unha toalla de ducha.
- Saco de durmir e mochila pequena.
- Zapatos de montaña e calzado deportivo.
- Roupa: roupa deportiva (suadoiros...) traxe de baño (traxe de baño, toalla, chancletas...) roupa de abrigo (adecuada para traballar baixo a choiva ou con clima frío) abrigo impermeable, roupa de

traballo (guantes, gorro / sombreiro, calzado cómodo...).

DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes disporán dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Tel. 981 957 115.

camposdetraballo.xuventude@xunta.gal

Servizo de Xuventude en Vigo. Tel. 986 817 079

INFORMACIÓN ADICIONAL

www.xuventude.net. Portal da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos, ocio e tempo libre, actividades, formación...

